

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA VACANTE DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Sendo as 11:30 horas do día 16 de setembro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. 553/2021 de data 31/08/21, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.

Constitúen dito Tribunal:

- Presidenta: Marta Roca Souto, responsable da oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Luis García Vázquez, operario, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Antonia M^a Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Jesús Sánchez García, operario persoal laboral fixo da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

Procédese á elaboración do segundo exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base quinta do mesmo, isto é:

"3. A FASE DE OPOSICIÓN constará de dous exercicios, un tipo test e outro de desenvolvemento dunha proba práctica relativa ás funcións do posto, ambos de carácter obrigatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.

...

A proba práctica consistirá do desenvolvemento e execución dun suposto práctico proposto polo tribunal nun tempo máximo de quince minutos. O exame práctico terá unha puntuación máximo de 30 puntos, tendo que alcanzar 15 para enténdelo superado."

Os membros do Tribunal acordan que a proba práctica consista na realización de varios exercicios relacionados coa maquinaria e traballos propios do posto, nun tempo máximo de quince minutos, dos que queda reflexo no propio expediente sobre as deliberacións do tribunal.

Sendo ás 11:35 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes que superaron o primeiro exercicio, de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Presentado
*572A	Sánchez Blanco, Juan Carlos	SI

Unha vez realizada a proba práctica, as puntuacións acadadas polos aspirantes na proba práctica son as seguintes:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*572A	Sánchez Blanco, Juan Carlos	25

Dado que o candidato que superou o segundo exercicio presentou o Celga, está exento da realización da proba de galego de conformidade coa base quinta:

“4. PROBA DE GALEGO. Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido deberán realizar unha proba que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal acorde ás características funcionais da vacante convocada.

Os/as aspirantes serán cualificados como apto/a ou non apto/a; quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a cualificación de aptos.”

Finalizadas as probas selectivas, resultan as seguintes cualificacións finais do aspirante que superou o proceso selectivo:

DNI	Apelidos e Nome	1ª proba	2ª proba	Concurso	Total
*572A	Sánchez Blanco, Juan Carlos	29,50	25	9,54	64,04

De acordo coa cualificación anterior, este Tribunal propón a contratación de don Juan Carlos Sánchez Blanco, con DNI *572A coma persoal laboral fixo, operario de servizos múltiples, adscrito á unidade de obras e servizos básicos.


O aspirante que superou o proceso selectivo deberá presentar nun prazo de vinte días naturais a documentación que se sinala na base décimo quinta das bases xerais.

Sendo as 12:00 horas, levántase a sesión, en Curtis, 16 de setembro de 2021.

A presidenta



O secretario



Os vogais



